



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Maio 2025



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Maio 2025

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	46.775	6.721	108.289	15.383	12.679	19.465	44.711
Noites	93.335	11.803	167.949	38.671	23.197	25.011	74.352
Var. Viax. 25/24	9,9%	-28,3%	0,4%	0,0%	2,1%	14,0%	-4,7%
Var. Noites 25/24	9,8%	-29,7%	-2,5%	22,7%	1,6%	8,7%	-9,3%
Estadía Media	2,00	1,76	1,55	2,51	1,83	1,28	1,66
Var. EM 25/24	-0,1%	-2,0%	-2,9%	22,7%	-0,5%	-4,6%	-4,9%
% Ocupación	57,5%	35,9%	71,0%	59,6%	57,0%	61,0%	44,5%
Var. Ocupac. 25/24	5,67	-14,11	-0,45	7,36	1,88	6,24	-4,17
Prazas	5.209	1.060	7.582	2.085	1.313	1.306	5.361
Var. Prazas 25/24	-1,0%	-1,9%	-1,3%	7,4%	-1,7%	-2,9%	-0,6%

- No mes de maio deste ano 2025 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 254 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 434 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 47% do total da comunidade -case unha de cada dúas noites en Galicia-, a porcentaxe máis baixa dos últimos meses e inferior tamén á de maio do pasado ano -en 2024 o peso do turismo urbano situábase un punto por encima, no 48% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En maio sitúase novamente Santiago, por terceira vez consecutiva, como o destino líder do turismo urbano en Galicia -substituíndo a A Coruña que puntualmente liderou o ranking a nivel autonómico en febreiro, e a Vigo que o fixo en decembro por mor da celebración do Nadal-. Con 168 mil noites a cidade compostelá absorbe o 39% do total do turismo urbano -catro de cada dez noites- e o 18% do



conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a certa distancia, con 93 mil pernoctacións- e Vigo -a maior distancia neste caso, con 74 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 77% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe equivalente á de abril mais inferior á de xaneiro e febreiro-.

- O 23% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste quinto mes – absorbe o 2,7% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento estable da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia mantense nos niveis do pasado ano -nun contexto de crecemento do 1% da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto por vez primeira nos últimos cinco meses pois de decembro a abril rexistrouse un comportamento positivo da demanda nos destinos urbanos de Galicia.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en catro cidades, con maior intensidade en Lugo -coa suba do 23%- e con maior moderación en Ourense -co crecemento do 2% interanual-. Engádense a este grupo A Coruña e Pontevedra, con subas do 10% e 9%, respectivamente. O nivel de demanda descende, en cambio, nas tres cidades restantes -un 2,5% en Santiago, un 9% en Vigo e un 30% en Ferrol-. Estas dúas últimas acumulan tres e cinco meses consecutivos, respectivamente, de caída do número de noites, a taxas ademais importantes no caso da cidade departamental.
- Así pois apréciase un comportamento negativo nalgúns das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -Santiago e Vigo neste caso- e, pola contra, crecemento en A Coruña -a quinta consecutiva neste ano- e nalgúns dos destinos de menor relevancia en termos cuantitativos entre os que destaca a cidade de Lugo -rexistra o crecemento de maior intensidade-.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía media. Marca a excepción a cidade de Lugo pois o forte crecemento do número de noites provén en exclusiva da mellora da estadía media -o número de viaxeiros aloxados mantense neste caso estable-.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia mantense estable neste mes de maio, circunstancia que presenta en síntese un comportamento de menor intensidade que o conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 2,3%- . No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda crece con maior intensidade, nun 4,3% neste caso. O diferente dinamismo leva a que o peso do turismo urbano baixe en relación ao mes de maio do pasado ano -nun punto porcentual- situándose no 47,2% do total da comunidade.



- O turismo de ámbito nacional é maioritario en boa parte das cidades consideradas -cinco en particular-, en porcentaxes que van do 60% en Vigo, a arredor do 70% en A Coruña e Ferrol, a case o 80% en Lugo, e a máis do 80% en Ourense -esta última presenta o maior peso do mercado nacional co 85% do total da demanda-. Neste mes marcan a excepción dous destinos por presentar maior volume e peso do mercado internacional -supón preto do 70% das noites en Santiago e Pontevedra-.
- Acontece isto por segunda vez consecutiva nos últimos sete meses pois desde novembro ata marzo todas as cidades de Galicia rexistraron, con maior ou menos intensidade, maior volume e peso do turismo nacional fronte ao internacional. A temporada media -meses de abril e maio- coloca neste caso a Santiago e Pontevedra con perfís da demanda diferentes.
- Así pois, esta distribución por mercados nas cidades de Galicia -perfil da demanda no ámbito urbano- equivale á observada en abril e nos meses de temporada media do pasado ano e difire do rexistrado na temporada baixa e no verán -meses nos que practicamente todas as cidades presentan maior volume e peso do mercado nacional sobre o internacional-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en tres destinos, con incrementos de maior intensidade en Lugo -do 32%- e máis suaves en A Coruña -do 10%- e Ourense -do 7% neste caso-. Descende, en cambio, nas catro restantes cidades con maior intensidade neste caso en Ferrol -rexistra un descenso do 27% en relación ao mes de maio do pasado ano-.
- O mercado internacional presenta tamén unha dinámica variable, con comportamento positivo en dúas cidades -rexístranse subas do 9% en A Coruña e do 19% en Pontevedra-. Mantense relativamente estable en Santiago -xustamente un dos destinos con maior peso deste segmento- e descende nas catro cidades restantes -novamente con maior intensidade en Ferrol, onde cae un 35%-.
- Desta maneira tres destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en A Coruña e caídas de ambos mercados en Ferrol e Vigo. Nos catro destinos restantes, por tanto, obsérvase unha dinámica dispar e variable, con mellora do turismo de ámbito nacional e internacional en función do caso.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado cambia levemente en relación ao pasado ano. Neste sentido increméntase en conxunto o turismo de ámbito nacional -nun escaso 1%- mais estabilízase o internacional -en valores parellos aos do pasado ano-. Marca diferenza esta dinámica co observado no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se aprecia un crecemento de ambos segmentos de mercado -do 2% o nacional e do 8% o internacional-.
- A estadia media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,7 noites, cifra unha décima superior á media da comunidade e superior tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -que fica en 1,55 noites-. Este dato varía notablemente nas diferentes



ciudades acadando o valor máis elevado Lugo -con 2,5 noites-, e o máis baixo Santiago -con 1,5 noites- e Pontevedra -con 1,3 noites neste caso-. Son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.

- En termos dinámicos a estadía media increméntase unicamente e de forma destacada en Lugo -supera en máis dun 20% o valor do pasado ano-. Mantense estable en A Coruña e Ourense, e descende, en cambio, nas catro restantes -entre o 2% en Ferrol e o 5% en Pontevedra e Vigo-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes soamente un destino -Lugo neste caso- rexistra un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 7,4% en particular-. Dous destinos mantéñense en cifras parellas mentres que os catro restantes amosan caídas moi suaves, pouco perceptibles -de entre o 1% e o 3% en todos os casos-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira, na liña do observado do lado das pernoctacións. Así, aprécianse melloras en catro destinos son subas destacadas en A Coruña e Pontevedra -do contorno dos seis puntos porcentuais- e Lugo -de algo máis de sete puntos neste caso-. Engádese a este grupo a cidade de Ourense cunha mellora próxima aos dous puntos en relación ao pasado ano. Mantense estable o nivel de ocupación en Santiago e, pola contra, descende en Vigo -en catro puntos- e en Ferrol -en 14 puntos neste caso-.
- Cun 71,0% de media Santiago rexistra neste quinto mes de 2025 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por segunda vez consecutiva nos últimos meses, substituíndo a Ourense que rexistrou a porcentaxe máis alta en xaneiro e marzo, e a A Coruña que liderou o ranking en febreiro-, consolidando desta maneira o liderazgo na temporada media. Os restantes destinos rexistran unha ocupación media inferior e variable destacando Pontevedra cun 61,0% e Lugo cun 59,6%. No lado oposto rexistran as cifras máis baixas Vigo -cun 44,5%- e Ferrol -cun 35,9% neste caso-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 58,3%, trece puntos por encima da media da comunidade. Mellora en medio punto a porcentaxe do pasado ano acadando con isto a cifra máis elevada desde cando menos os últimos dez anos.
- As tarifas hoteleiras acadan os 96,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por quinta vez consecutiva desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado -substituíndo a Vigo, destino que presenta as tarifas máis altas no final de 2024-. As restantes cidades presentan cifras inferiores -con algunhas diferenzas-, cun valor máis alto A Coruña -que rexistra 75,8 euros-. Lugo marca unha vez máis o valor máis baixo con 55,9 euros de media neste caso.




- Os prezos medios variaron de forma dispar neste mes de maio. Tres destinos melloran as cifras do pasado ano -nun 6% A Coruña, nun 8% Lugo e nun 11% Vigo-, un mantense en cifras parellas -Ourense neste caso- mentres que Santiago marca a excepción cun descenso das tarifas hoteleiras do 6%.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse melloras en todos os destinos urbanos de Galicia coa excepción de Santiago -única cidade que presenta unha caída en relación ao dato do pasado ano, do 8% neste caso, como consecuencia dun descenso tanto da demanda como dos prezos hoteleiros-. As melloras sitúanse no contorno do 5% en Ourense, no 8% en Vigo e superan o 14% en A Coruña e Lugo.
- A pesar da caída Santiago é tamén neste caso o destino urbano que presenta o nivel de rendibilidade hoteleira máis elevado agora en maio -o RevPAR sitúase no contorno dos 77 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Nun segundo grupo sitúase A Coruña -con 52,4 euros-, por diante de Ourense -con 44,2 euros-, Vigo -con 42,6 euros- e Lugo -con 38,7 euros de media neste caso-.
- En termos de emprego obsérvase un incremento do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 4,0%- colocando o volume final en preto de tres mil neste mes de maio.
- Este crecemento concéntrase principalmente en catro cidades, cunha suba destacada en Lugo -o número de empregados no ámbito hoteleiro increméntase nun 22%- e máis moderada en A Coruña, Pontevedra e Vigo -inferior ao 10% interanual nos tres casos-. O emprego no sector fica estable en Santiago e descende en Ourense -nun 6%- e Ferrol -nun 11% neste caso-.




ENQUISA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Destinos urbanos | Maio 2025


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, maio 2025




Variación da demanda turística nas cidades. Noites maio 2025/24




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Maio 2025




Nivel de ocupación e variación interanual. Maio 2025




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, maio 2025



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, maio 2025/24



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Maio 2025



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Maio 2025

